

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE ARES (A CORUÑA)

DOCUMENTO IV

ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN E ESTUDO ECONÓMICO

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



ÍNDICE:

DOCUMENTO IV. ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN E ESTUDO ECONÓMICO

1. - MARCO LEGAL

2. - ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN

2.1. - RELACIÓN DE ACTUACIÓNS

2.2. - ORDEN DE PRIORIDADES

3. - ESTUDO ECONÓMICO

4. - XUSTIFICACIÓN DA INVERSIÓN MUNICIPAL

ANEXO I

ORZAMENTO 2018

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



En Ares, a 9 de setembro de 2020.



1. - MARCO LEGAL

No marco da Lei 2/2016, de 10 de Febreiro, do Solo de Galicia, posibilitase que o Plan Xeral de Ordenación Municipal poida ter uns fins e contidos diversos, determinados polas características e complexidade urbanística existente no territorio respectivo, que aconsellará a opción máis adecuada para cada específica situación.

As referencias que ofrece a Lei do Solo de Galicia ao contido da Estratexia de Actuación e Estudo Económico dos Plans son basicamente:

Art. 51 - Formulación e contido:

3. O contido dos plans xerais de ordenación municipal deberá ser congruente cos fins que neles se determinen e adaptarse ás características e complexidade urbanística do territorio que sexa obxecto da ordenación, garantindo a coordinación dos elementos fundamentais dos respectivos sistemas xerais.

4. Así mesmo, o plan xeral deberá garantir a coherencia interna das determinacións urbanísticas, a viabilidade técnica e económica da ordenación proposta, a proporcionalidade entre o volume edificable e os espazos libres públicos de cada ámbito de ordenación e a participación da comunidade nas plusvalías xeradas en cada área de repartición.

Art. 52 - Determinacións de carácter xeral:

f) Estrutura xeral e orgánica do territorio integrada polos sistemas xerais determinantes do desenvolvemento urbano e, en particular, polos sistemas xerais de comunicacións, de espazos libres e zonas verdes públicas, de equipamento comunitario público e de servizos urbanos.

En calquera caso, indicaranse para cada un dos seus elementos non existentes os seus criterios de deseño e execución e o sistema de obtención dos terreos.

k) Determinación dos prazos para a aprobación do planeamento de desenvolvemento. Noutro caso, este prazo será de tres anos.

Art. 58 - Documentación:

As determinacións do plan xeral de ordenación municipal ás que se fai referencia nesta sección desenvolveranse nos seguintes documentos, co contido que se fixe regulamentariamente:

- a) Memoria xustificativa dos seus fins e obxectivos, así como das súas determinacións.
- b) Estudo do medio rural e análise do modelo de asentamento poboacional e da mobilidade.
- c) Memoria xustificativa da adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.

- d) Estudo ambiental estratéxico e declaración ambiental estratéxica.
- e) Planos de información, incluíndo as afeccións sectoriais.
- f) Planos de ordenación urbanística.
- g) Normas urbanísticas.
- h) Estratexia de actuación e estudo económico.
- i) Catálogo de elementos que se deben protexer.
- j) Informe ou memoria de sustentabilidade económica.
- k) Informe xustificativo do cumprimento da normativa sectorial aplicable.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



Art. 59. Estratexia de actuación e estudo económico:

1. Os plans xerais de ordenación municipal conterán a estratexia para o desenvolvemento coherente do plan e, en particular, determinarán a execución dos sistemas xerais que deban crearse necesariamente para o desenvolvemento das áreas de solo urbano non consolidado e dos sectores de solo urbanizable.
2. O plan xeral de ordenación municipal conterá unha avaliación do custo de execución dos sistemas xerais e das actuacións previstas, coa indicación do carácter público ou privado da iniciativa de financiamento, xustificando as previsións que cumpra realizar con recursos propios do concello.

Art. 129. Obtención do solo dos sistemas xerais e locais

1. Os terreos destinados polo planeamento a sistemas xerais que deban implantarse sobre solo urbano consolidado, de núcleo rural ou rústico, e a sistemas locais en solo urbano consolidado e en solo de núcleo rural obteranse mediante expropiación forzosa, por convenio entre a Administración e o propietario ou por permuta forzosa con terreos do patrimonio público municipal do solo.
2. Tanto no suposto do convenio como no caso da permuta forzosa os técnicos municipais taxarán previamente o valor dos terreos que se van obter e o dos aproveitamentos ou solos municipais conforme os criterios de valoración establecidos na lexislación estatal aplicable.
3. Os terreos destinados polo planeamento a sistemas xerais en solo urbano non consolidado, en solo urbanizable ou, se é o caso, en solo rústico incluído nunha área de repartición e os destinados a sistemas locais en solo urbano non consolidado, actuacións integrais en solo de núcleo rural e en solo urbanizable obteranse:
 - a) Por cesión obrigatoria derivada da súa inclusión ou adscrición nunha área de repartición e no correspondente polígono.
 - b) Por ocupación directa.

En Ares, a 9 de setembro de 2020



- c) Por permuta forzosa.
- d) Mediante expropiación forzosa.
- e) Por convenio urbanístico entre a Administración e o propietario.

4. A obriga de cesión gratuíta dos terreos destinados a sistemas xerais incluídos nun polígono ou sector e dos terreos dos sistemas locais comprende tamén a realización das obras de urbanización, á custa dos propietarios, nas condicións que estableza o plan xeral.

En síntese e en base á lexislación urbanística, trátase de recoller todas aquelas actuacións de desenvolvemento previstas, que haberán de ser compatibles coa capacidade xestora e inversora, tanto do Concello, como das demais administracións implicadas no Plan.

Agora ben, as actuacións propostas no Plan non poden reducirse a aquelas que poidan executarse no marco das dispoñibilidades de xestión ou inversión do Concello, senón que haberán de terse en conta as necesarias achegas doutros Organismos Públicos.

As actuacións previstas no Plan, ordénanse nunha listaxe, seleccionando e organizando a prioridade da súa execución. Esta relación constituirá a chamada Estratexia de Actuación, á que se vincula a vontade municipal (e formalmente as demais Administracións) de xestión e inversión e, no seu caso, as actuacións concertadas con particulares, así como os prazos para o seu desenvolvemento e as condicións específicas establecidas para o mesmo.

No estudo económico recollerase o custo económico previsto de todas as actuacións da listaxe da estratexia de actuación, a iniciativa de financiamento, con xustificación das previsións de financiamento atribuídas ao Concello e as previsións de financiamento atribuídas a outras Administracións acreditando o compromiso das mesmas.

2. - ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN

Polo exposto no apartado anterior neste apartado relacionaranse as actuacións propostas polo Plan, analizando e organizándoas no tempo segundo a prioridade da súa execución.

No Plan Xeral de Ares clasifícase diversas áreas como solo urbano non consolidado e como solo urbanizable.

O listado de actuacións que se contemplan na estratexia de actuación inclúe:

- Actuacións previstas:
 - Seis áreas de reparto de solo urbano non consolidado.

- Un ámbito de solo urbanizable de uso residencial.
 - Un ámbito de solo urbanizable de uso industrial.
 - Execución de novos sistemas xerais.
 - Execución de novos sistemas locais.
- Actuacións infraestruturais que deban de realizarse previa ou simultaneamente aos desenvolvementos previstos.

Vincúlase a relación de actuacións co Estudo Económico, relacionando as dispoñibilidades orzamentarias, polo que se vinculan ás actuacións previstas á vontade municipal de xestión e inversión. Para isto realízase unha estimación do custe de cada unha de elas, sinalando para cada actuación:

- a) O mecanismo de xestión para a obtención do solo.
- b) A estimación dos seguintes custes:
 - Solo.
 - Infraestruturas.
 - Urbanización.
- c) Distribución de custos de cada actuación, entre os responsables da súa financiación, distinguindo entre o Concello, Administracións Públicas e por outra banda as inversións asignadas ao sector privado e particulares.

As accións contempladas na Estratexia do Plan poderán revisarse cando se produza algunha das seguintes hipóteses:

- Cando calquera organismo público se decida a acometer obras que alteren a estratexia do Plan.
- Cando o Concello, por causas xustificadas, o considere necesario para mellorar a xestión e desenvolvemento do Plan Xeral.

2.1. - RELACIÓN DE ACTUACIÓNS

2.1.1. - ÁREAS DE SOLO URBANO NON CONSOLIDADO

Existen seis áreas de reparto de Solo Urbano Non Consolidado:

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



POLIGONO	SUPERFICIE BRUTA m ²
P-1	17.945
P-2	6.077
P-3	31.305
P-4	50.648
P-5	28.098
P-6	16.228

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



2.1.2. - ÁMBITOS DE SOLO URBANIZABLE NON DELIMITADO

Existen dous ámbitos de Solo Urbanizable, dous residenciais delimitados e un industrial non delimitado:

ÁMBITO	SUPERFICIE BRUTA m ²
SUB-R	109.098
SUB-I	51.163

2.1.3. - SISTEMA XERAL VIARIO

As actuacións previstas no Sistema Xeral Viario son as seguintes:

DENOMINACIÓN		DESCRICIÓN	SUPERFICIE m ²	OBTENCIÓN TERREOS
SXV-03	Viario na praia de Chanteiro	Viario no fronte marítimo da praia de Chanteiro. Coidará a súa integración paisaxística.	2.087	Expropiación
SXV-04	Aparcadoiro na praia de Chanteiro	Aparcadoiro ao leste da praia de Chanteiro, nas inmediacións da ermida. Coidará a súa integración paisaxística. 120 prazas aproximadamente.	4.726	Expropiación

SXV-05	Conexión AC-123_AC-130	Variante de Ares recollida no Plan MOVE e proposta para a súa inclusión neste PXOM pola Axencia Galega de Infraestruturas, serve de conexión entre os dous principais accesos a Ares desde Mugar dos e a vía rápida. Este novo vial desconxestionará o actual acceso ao casco urbano de Ares derivando o tráfico dirixido á zona de O Castro e a Redes a través do SXV-06. Serverá tamén de acceso ao complexo deportivo de Pedrós (SXEQ-01).	35.615	Expropiación
SXV-06	Viario SUB-I	Rotonda e viario de acceso ao SUB-I e conexión entre as estradas AC-123 e DP-0401. Variante de acceso a Redes, á zona de O Castro de Ares e á zona da praia de O Raso sen necesidade de entrar no núcleo urbano de Ares. Porá especial atención no seu deseño na súa integración paisaxística. Asociado ao SUB-I.	9.485	Cesión solos urbanizables
SXV-07	Viario SUB-R norte-sur	Rotonda e viario como novo acceso ao núcleo urbano de Ares desde a estrada DP-0402. Porá especial atención no seu deseño na mobilidade peonil e nos modos de transporte sustentables, así como na súa integración paisaxística. Asociado ao SUB-R.	10.324	Cesión solos urbanizables
SXV-08	Viario SUB-R este-oeste	Viario de acceso ao sector urbanizable desde a estrada AC-130. Asociado ao SUB-R.	1.302	Cesión solos urbanizables
SXV-09	Viario na praia de Seselle	Vial de acceso ao SXV-10 (aparcadoiro en Seselle) que coidará a integración co SXZV-15.	4.777	Expropiación
SXV-10	Aparcadoiro en Seselle	Aparcadoiro asociado ao SXZV-15. Posible acondicionamento para caravanas. Coidará a súa integración paisaxística. 150 prazas aproximadamente.	3.370	Expropiación

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



SXV-11	Aparcadoiro na praia de O Raso	Aparcadoiro que coidará o borde que está en contacto co núcleo de Carballás. Coidará a súa integración paisaxística. 200 prazas aproximadamente.	6.576	Expropiación
SXV-12	Viario ao oeste de Redes	Rotonda e viario como novo acceso ao núcleo urbano de Redes. Porá especial atención no seu deseño na mobilidade peonil e nos modos de transporte sustentables, así como na súa integración paisaxística.	4.869	Expropiación
SXV-13	Aparcadoiro ao oeste de Redes	Aparcadoiro no novo acceso ao núcleo urbano de Redes. 120 prazas aproximadamente.	3.350	Expropiación
SXV-14	Aparcadoiro ao sur de Redes	Aparcadoiro ao sur do núcleo urbano de Redes para servizo ás zonas verdes SXZV-18 e SXZV-19, así como ao club marítimo de Redes (SXEQ-18). Coidará a súa integración paisaxística. 50 prazas aproximadamente.	1.294	Expropiación
SXV-15	Aparcadoiro no cemiterio de Redes	Aparcadoiro ao norte do cemiterio de Redes. Coidará a súa integración paisaxística. 70 prazas aproximadamente.	1.690	Expropiación

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



2.1.4. - SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS

As actuacións contempladas no sistema xeral de equipamentos son as seguintes:

DENOMINACIÓN		DESCRICIÓN	SUPERFICIE m ²	OBTENCIÓN TERRENOS
SXEQ-19	Picadero	Rehabilitación de construcións existentes en Montefaro.	9.417	Público
SXEQ-20	Centro de interpretación do patrimonio militar	Rehabilitación de construcións existentes en Montefaro.	8.237	Público
SXEQ-21	Mosteiro de Santa Catalina de Montefaro	Rehabilitación do Mosteiro de Santa Catalina de Montefaro.	14.836	Público
SXEQ-22	Novo cemiterio municipal	Situado ao noroeste do núcleo de Lubre. Esta actuación coidará a súa integración paisaxística, tamén nos seus accesos.	49.194	Expropiación
SXEQ-23	Equipamento a carón do complexo de Pedrós	Equipamento a carón do complexo deportivo de Pedrós, conectado co principal acceso ao concello. Sen uso definido.	7.301	Expropiación
SXEQ-24	Ampliación do Colexio Conde de Fenosa en Ares	Situado ao norte do colexio existente. Asociado ao SUB-R.	13.831	Cesión solos urbanizables
SXEQ-25	Equipamento deportivo a carón do Campo de fútbol de Ares	Equipamento deportivo a carón do campo de fútbol de Ares, en previsión de posibles ampliacións das instalacións deportivas.	4.413	Expropiación
SXEQ-26	Campo da festa	Equipamento situado ao sur do campo de fútbol de Ares. Coidará a súa integración paisaxística.	24.834	Expropiación

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



2.1.5. - SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES

As actuacións contempladas no Sistema Xeral de Espazos Libres e Zonas Verdes son as que se relacionan a continuación.

Trátase de espazos que xorden da obriga do Plan Xeral de realizar a reserva de solo necesaria para completar os estándares mínimos do artigo 42 da Lei 2/2016.

Preténdese potenciar a riqueza ambiental, paisaxística, e arqueolóxica de Ares, creando espazos verdes próximos á natureza e á cidadanía. Para a posta en valor dos espazos incluídos no Catálogo do PXOM procuraranse convenios de colaboración coa Consellería de Cultura.

DENOMINACIÓN		DESCRIPCIÓN	SUPERFICIE m ²	OBTENCIÓN TERREOS
SXZV-03	Área recreativa na praia de Chanteiro	Desenrolo dun espazo vinculado á praia no que cabe a implantación de mobiliario urbano, xogos infantís, servizos para a praia etc.	2.670	Expropiación
SXZV-04	Zona verde 1 na praia de Chanteiro	Configurar o ámbito como zona verde ao carón dunha praia con vexetación adaptada a un ambiente mariño; cabe a implantación de mobiliario urbano, xogos infantís, servizos para a praia etc.	4.605	Expropiación
SXZV-05	Zona verde 2 na praia de Chanteiro	Configurar o ámbito como zona verde ao carón dunha praia con vexetación adaptada a un ambiente mariño; cabe a implantación de mobiliario urbano, xogos infantís, servizos para a praia etc.	3.094	Expropiación
SXZV-06	Zona verde 3 na praia de Chanteiro	Configurar o ámbito como zona verde central do entorno vinculada ao viario existente, que se deberá humanizar.	1.096	Expropiación
SXZV-07	Zona verde 1 na ermida de Chanteiro	Espazo ao redor da ermida onde se celebra a festa coñecida como o Voto de Chanteiro. Preténdese a súa recuperación como espazo público co obxecto de mellorar o entorno da ermida mediante a implantación de mobiliario urbano, sendas peonís, etc.	5.357	Expropiación

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



SXZV-08	Zona verde 2 na ermida de Chanteiro	Acceso á ermida de Chanteiro. De características similares ao SXZV-07.	1.064	Expropiación
SXZV-09	Zona verde de acceso á praia de Chanteiro	Desenrolo dun espazo vinculado á praia no que cabe a implantación de mobiliario urbano, xogos infantís, servizos para a praia etc.	1.609	Expropiación
SXZV-10	Zona verde no Rego Pomoulo	Configurar o ámbito como paseo a carón do Rego Pomoulo, entre a praia e o núcleo de Chanteiro. A senda apoiarase no trazado do colector de saneamento existente, servindo ademais para a súa conservación e mantemento.	2.417	Expropiación
SXZV-11	Zona verde no Castro de Lubre	Para o seu acondicionamento como zona verde de carácter arqueolóxico deberase configurar o ámbito como un parque integrado na zona na que se atopa: <ul style="list-style-type: none"> • Acondicionamento de sendas peonís. • Sinalización e carteis explicativos das zonas arqueolóxicas e medidas de protección. • Vexetación acorde co entorno. Procurarase convenio de colaboración coa Consellería de Cultura.	33.286	Expropiación

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



SXZV-12	Espazo natural de A Xunqueira	<p>Para a súa acondicionamento como zona verde deberase configurar o ámbito como un paseo-parque integrado na zona na que se atopa:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Acondicionamento das sendas peonís existentes abrindo só aquelas que se necesiten para darlle unha continuación á zona verde. • Mantemento da vexetación existente. • Sinalización e carteis explicativos da vexetación e medidas de protección. • Xa que esta área está dentro dunha Área de Interese Ambiental sinalárase con carteis explicativos a xeomorfoloxía, botánica, zooloxía, ecoloxía e etnografía desta área. • Sinalización e carteis explicativos das zonas fráxiles que necesiten medidas de protección. • Sinalización adecuada dos usos e actividades permitidas e prohibidas. • O mobiliario que se coloque dentro das áreas acondicionadas para el deberán colocarse lonxe dos elementos con valores ambientais e deben de estar integrados coa paisaxe. • As zonas de xogos infantís tamén deberán colocarse lonxe dos elementos con valores ambientais. • Conexión co entorno urbano que a rodea. 	167.864	Expropiación
SXZV-13	Zona verde 1 no Castro de Ares	<p>Para o seu acondicionamento como zona verde de carácter arqueolóxico deberase configurar o ámbito como un parque integrado na zona na que se atopa:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Acondicionamento de sendas peonís. • Sinalización e carteis explicativos das zonas arqueolóxicas e medidas de protección. • Vexetación acorde co entorno. 	2.120	Público

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



SXZV-14	Zona verde 2 no Castro de Ares	Para o seu acondicionamento como zona verde de carácter arqueolóxico deberase configurar o ámbito como un parque integrado na zona na que se atopa: <ul style="list-style-type: none"> • Acondicionamento de sendas peonís. • Sinalización e carteis explicativos das zonas arqueolóxicas e medidas de protección. • Vexetación acorde co entorno. Procurarase convenio de colaboración coa Consellería de Cultura.	4.887	Cesións solos urbanos non consolidados
SXZV-15	Zona recreativa Ameneiral	Configurar o ámbito como zona verde ao carón dunha praia reforestando de vexetación adaptada a un ambiente mariño; implantación de mobiliario urbano, sendas peonís, etc.	23.485	Expropiación
SXZV-16	Zona verde na praia de O Raso	Configurar o ámbito como zona verde ao carón dunha praia reforestando de vexetación adaptada a un ambiente mariño; implantación de mobiliario urbano, sendas peonís, etc.	9.218	Expropiación
SXZV-17	Zona verde en Redes	Configurar o ámbito como un parque urbano reforestando de vexetación autóctona; implantación de mobiliario urbano, xogos infantís, sendas peonís, etc.	9.602	Expropiación
SXZV-18	Zona verde 1 na Bateria de Redes	Configurar o ámbito con vexetación adaptada a un ambiente mariño; cabe a implantación de mobiliario urbano, xogos infantís, etc.	643	Expropiación
SXZV-19	Zona verde 2 na Bateria de Redes	Para o seu acondicionamento como zona verde terase en conta a existencia do elemento catalogado que se atopa no ámbito, que se deberá integrar neste parque: <ul style="list-style-type: none"> • Acondicionamento de sendas peonís. • Mantemento do arborado e brezais existentes . • Sinalización e carteis explicativos da Bateria militar e medidas de protección. 	2.191	Expropiación

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



SXZV-20	Zona verde Punta da Pena	Facilitará a conexión entre as praias de Ares e Seselle mediante unha senda peonil, se creará un mirador e axardiñará o resto do espazo. Se procurará o acceso ao mar e as pequenas calas existentes, na medida do posible, mediante escaleiras de madeira.	10.899	Expropiación
---------	-----------------------------	---	--------	--------------

2.1.6. - SISTEMA LOCAL VIARIO

As actuacións previstas para Sistemas Locais Viarios son:

DENOMINACIÓN		DESCRICIÓN	SUPERFICIE m ²	OBTENCIÓN TERREOS
SLV-01	Viario 1 ao oeste da Rúa La Paz	Acondicionamento de vial existente perpendicular á Rúa La Paz.	235	Expropiación
SLV-02	Viario 2 ao oeste da Rúa La Paz	Acondicionamento de vial existente perpendicular á Rúa La Paz.	411	Expropiación
SLV-03	Viario 3 ao oeste da Rúa La Paz	Acondicionamento de vial existente perpendicular á Rúa La Paz.	323	Expropiación
SLV-04	Viario 4 ao oeste da Rúa La Paz	Acondicionamento de vial existente perpendicular á Rúa La Paz de acceso ao campo de fútbol e ao campo da festa (SXEQ-26).	1.296	Expropiación
SLV-05	Viario 5 ao oeste da Rúa La Paz	Acondicionamento de vial existente perpendicular á Rúa La Paz de acceso ao campo da festa (SXEQ-26).	703	Expropiación
SLV-06	Viario ao sur da Avda. Mazote	Rúa de 10 m que lle dará continuidade a unha existente conectando a Avda. Mazote e a Rúa San Xosé.	443	Expropiación
SLV-07	Viario ao norte da zona verde de As Anclas	Vial peonil que conectará as zonas verdes SLZV-06 e SLZV-07.	378	Expropiación

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020.



SLV-08	Viario ao sur do núcleo urbano de Ares	Acondicionamento de vial existente no límite do solo urbano.	1.864	Expropiación
SLV-09	Viario ao oeste da Avda. Mugardos	Acondicionamento de vial existente no límite do solo urbano.	414	Expropiación

2.1.7. - SISTEMA LOCAL EQUIPAMENTO

As actuacións previstas para Sistemas Locais de Equipamento son:

DENOMINACIÓN		DESCRICIÓN	SUPERFICIE m ²	OBTENCIÓN TERREOS
SLEQ-26	Equipamento en O Pombal	Situado ao sueste da zona urbana de O Pombal. Ámbito procedente das cesións do Plan Parcial que desenvolveu o sector de O Pombal. Sen uso definido.	484	Público

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



2.1.8. - SISTEMA LOCAL ZONA VERDE

As actuacións previstas para Sistemas Locais de Zona Verde son:

DENOMINACIÓN		DESCRICIÓN	SUPERFICIE m ²	OBTENCIÓN TERREOS
SLZV-29	Zona verde na Avenida do Mazote	Zona verde na Avenida do Mazote que a conectará coa zona verde de cesión do P-1	231	Expropiación
SLZV-30	Zona verde en O Castro	Zona verde ao leste da zona verde de As Anclas que seguirá o seu mesmo deseño para completala.	87	Expropiación

SLZV -31	Zona verde na Rúa Rodríguez Castelao	Zona verde na Rúa Rodríguez Castelao que conectará coa do Castro de Ares (SXZV-14).	324	Expropiación
SLZV -32	Praza do cemiterio	Zona verde a carón do cemiterio parroquial de San Xosé de Ares (SLEQ-11).	77	Público
SLZV -33	Praza nova do Concello	Zona verde a carón do edificio do Concello e en continuidade coa praza fronte ao mesmo (SLZV-15).	393	Expropiación
